



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA NOVE DE XUÑO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día nove de xuño de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/05/2016).

Dáse conta da acta das sesión ordinaria celebrada o día dezanove de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación previa de obra de don Senén Silvoso Crespo. (Expediente núm. 2016/U026/000010)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000010 de comunicación previa de obra promovido por don Senén Silvoso Crespo para construción de peche de parcela, de aproximadamente 80 metros de lonxitude, con base de perpiaño, postes e arame, nos termos do convenio asinado co concello para a cesión de terreo para a ampliación da estrada provincial (DP 8901- da Gaiosa Á Ponte de Sarandón), cunha altura que non superará os 1,80 m. recuándoo 6 metros do eixe da vía municipal e axustándose ás condicións impostas pola Deputación Provincial na súa autorización (expte.: 271/16) no que respecta á estrada provincial DP 8901. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600607, emprazada en Sarandón – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo da vía, así coma as alturas declaradas.



Segundo.- Acorda eximir as actuacións comunicadas de taxas e impostos municipais, segundo o establecido no convenio asinado polo concello e o promotor da obra, con data de agosto de 2015.

2.2.- Comunicación previa de obra de dona María Isabel Ares Betetos. (Expediente núm. 2016/U026/000011)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000011 de comunicación previa de obra promovido por dona María Isabel Ares Betetos para construción de cerramento, con postes e arame, de aproximadamente 100 metros de lonxitude, cunha altura que non superará os 1,80 m. e recuándoo 5 metros do eixo da vía na zona cualificada polo vixente PXOM como de Solo de Expansión de Núcleo Rural. N-2 e 6 metros do eixo da vía na zona cualificada como solo rústico.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600348, emprazada en Cubelas, 1 6- San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento comunicada e prevista no vixente PXOM, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación previa de obra de don José Antonio Devesa López. (Expediente núm. 2016/U026/000024)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000024 de comunicación previa de obra promovido por don José Antonio Devesa López para rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar a tella, sobre uralita existente, en aproximadamente 90 m². As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002201500NH43E, emprazada en Xián, 25 –San Andrés de Trobe, cun prazo de execución de 1 ano.


A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e sete euros con corenta e seis céntimos (#67,46#).

2.4.- Comunicación previa de obra de don Rodrigo Fernández Moldes. (Expediente núm. 2016/U026/000026)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000026 de comunicación previa de obra promovido por don Rodrigo Fernández Moldes para rehabilitación de edificación, de aproximadamente 54 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente.



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001901500NH43C, emprazada en Cubelas, 4 –San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de dona María Delia Carreira González. (Expediente núm. 2016/U026/000028)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000028 de comunicación previa de obra promovido por dona María Delia Carreira González para rehabilitación de edificación consistente en cambiar a tella existente sobre uralita, de aproximadamente 138 m².As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001502100NH43C, emprazada en Ximonde, 8 – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento tres euros con corenta e catro céntimos (#103,44#).

2.6.- Comunicación previa de obra de don Eloy J. Iglesias López. (Expediente núm. 2016/U026/000029)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000029 de comunicación previa de obra promovido por don Eloy J. Iglesias López para rehabilitación de edificación anexa á vivenda, de aproximadamente 35 m² en planta, consistente en colocar uralita e tella. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001901200NH43C, emprazada en Cubelas, 1 – San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Comunicación previa de obra de don Alfonso Neira Pereiras. (Expediente núm. 2016/U026/000030)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000030 de comunicación previa de obra promovido por don Alfonso Neira Pereiras para rehabilitación interior da vivenda, consistente en cambiar a plaqueta da cociña, nunca superficie aproximada de 16 m², e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



cambiar os azulexos. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002303000NH43F, emprazada en Lagoa, 6 – Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao comunicado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación previa de obra de don José Manuel Uzal Castro. (Expediente núm. 2016/U026/000031)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000031 de comunicación previa de obra promovido por don José Manuel Uzal Castro para construción de cerramento de parcela, de aproximadamente 50 metros de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, e colocación de tubos para a rampla de acceso, cunha altura que non superará os 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001701400NH43E, emprazada en Bazar, 22 – San Andrés de Trobe, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:


Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo da vía, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e seis euros con noventa e catro céntimos (#56,94#).

2.9.- Instancia núm. 201600000000624 de dona Pilar Villaverde Cutrín e don Manuel A. Cao Lema. (Expediente núm. 2015/U008/000016)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Cibrán, 25 – San Xián de Sales, dan conta de que lles foi concedida licenza para “reforma e ampliación de vivenda unifamiliar”, nos termos do proxecto técnico achegado, asinado por don Antonio Sabucedo Costas, expediente municipal número 2015/U008/000016, e que achega informe emitido polo técnico redactor do proxecto para cambio da denominación do mesmo, sen que supoña cambios na execución das obras autorizadas.

A Xunta de Goberno, á vista do contido da documentación achegada e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda modificar a denominación da licenza concedida no expediente 2015/U008/000016 para “Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar” en Cibrán (San Xián de Sales-Vedra), manténdose os termos e condicións acordados no expediente.



2.10.- Instancia núm. 201500000001202 de Unión Fenosa Distribución, S.A (Expediente núm. 2015/U008/000020)

Dáse conta da citada instancia na que don José A. Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A, con domicilio en Arteixo, 171 - A Coruña, solicita licenza para obras de adecuación LMT SNT 824 - CT 15PH21/15AH22. instalación “centro seccionamento e soterramento” de liña eléctrica en Nande – San Fins de Sales (Expediente núm.: 2015/U008/000020), nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Burkard Hecht Elorduy en calidade de Enxeñeiro Industrial.

Dáse conta da autorización emitida pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e da resolución do 17 de marzo de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se concede a autorización administrativa previa para as actuacións pretendidas.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e das demais autorizacións, acorda:

Primeiro.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Deberá repoñerse o pavimento da vía municipal nas mesmas condicións nas que se atopa e garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas. Sinalizaranse correctamente as obras e as actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos cincuenta euros con vinte e seis céntimos (#550,26#).

2.11.- Instancia núm. 201600000000225 de dona Jesusa Carbia Alonso. (Expediente núm. 2016/U022/000006)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambiar as fiestras existentes (7) por outras de madeira, situada en Ribeira, 9 – San Pedro de Sarandón (Expediente núm.: 2016/U022/000006), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300700NH43C.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 19 de abril de 2016 (expte.: 502/16), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM coa referencia A-35.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Primeiro.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e dun ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás condicións sinaladas na documentación do expediente.

Segundo.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.12.- Instancia de dona Carmen Núñez Peillet. (Expte. Número 2016/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para parcelación de finca, emprazada en Pousada de Arriba, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado e asinado por don Francisco Javier Ballet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola de 17 de abril de 2016.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como solo de expansión de núcleo rural (N-.2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

Primeiro.- Concederlle a licenza para a parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Pousada de Arriba -Vedra nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) euros.

Segundo.- Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos de 320 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens.

2.13.- Comunicación previa de obra de dona Herminia Collazo Alfonso. (Expediente num. 2016/U026/000022)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000022 de comunicación previa de obra promovido por dona Herminia Collazo Alfonso para rehabilitación de vivenda consistente en acondicionar cuarto de baño, colocando plaqueta, azulexos e sanitarios, e acondicionar habitación pintando paredes.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000101700NH43C, emprazada en Vilarpiñeiro, 6 – San Andrés de Trobe, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, non debendo as obras afectar á estrutura da vivenda.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e dous euros (#52,00#).



2.14. Instancia núm. 201600000000469 de don Agustín Castro Iglesias. (Expediente nº 2016/ U022/000011)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de construción de nave gandeira tradicional para autoconsumo en A Ferreira, 37 - San Fins de Sales (expediente núm.: 2016/U022/000011), en solo cualificado como “De expansión do núcleo rural. N-2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pablo Xosé Pouso Iglesias, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000700300NH43G.

Dáse conta do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais no que sinala: “...a tipoloxía da edificación do proxecto non se axusta ao establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo de núcleo, en canto que se trata dunha nave. Así mesmo, excede, por condicións volumétricas e de superficie, o que se podería considerar unha construción destinada á produción para o autoconsumo. Ambas actuacións veñen reflectidas no artigo 26 da Lei como actuacións prohibidas. Non se aportan datos do número de cabezas ao que se destinará a instalación. Por todo o anterior, enténdese que a actuación non é compatible co tipo de solo no que se atopa.”

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda denegar a licenza solicitada por Agustín Castro Iglesias para construción de “nave gandeira para autoconsumo” en A Ferreira (San Fins de Sales), neste termo municipal.

2.15.- Comunicación previa de obra de don Antonio Gestoso Vázquez. (Expediente núm. 2016/U026/000016)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000016 de comunicación previa de obra promovido por don Antonio Gestoso Vázquez para construción de rampla de acceso á finca, de aproximadamente 5 metros de lonxitude, colocando tubos na gábea da estrada provincial CP1202 de Trobe a Mesón de Mareque. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50300971, emprazada en Fontao - Vedra, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, así como da autorización emitida polo Servizo de Vías e Obras de Deputación Provincial de A Coruña con data do 13 de maio de 2016, debendo axustar ás condicións sinaladas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de actividade para bar.

Vista a comunicación previa presentada por dona Victoria Costa Piñeiro, para transmisión da titularidade da licenza de actividade de Taberna, emprazada en Viño grande- San Andrés de Illobre, neste termo municipal, denominada comercialmente “Café Bar Vicky”.



Considerando, segundo manifesta, que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 22 de decembro de 1999, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e o disposto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cen euros (#100,00#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

4º.- Aprobación, se procede, dos Padróns Fiscais de taxas do exercicio 2016.

4.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2016*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 58, do 29/03/2016) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas, durante os mencionados períodos (Resolucións da Alcaldía núm. 103/2016, 119/2016, 152/2016 e 180/2016, ditadas nos meses de abril e maio).

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención de que no expediente se cumpren, respecto da cobranza e esixibilidade da taxa e respecto da xestión das altas/baixas no padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que polo tanto, se cumpriron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

A Xunta de Goberno acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercizo 2016* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de liquidacións: 2.049 (dúas mil corenta e nove).

Número total de recibos a emitir: 2.049 (dous mil corenta e nove).

Importe total do Padrón: 157.642,12 € (cento cincuenta e sete mil seiscientos corenta e dous euros con doce céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

4.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2016*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 58, do 29/03/2016) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante os mencionados períodos (Resolución da Alcaldía núm. 122/2016, de data 13 de abril).

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención de que no expediente se cumpren, respecto da cobranza e esixibilidade da taxa e respecto da xestión das altas no padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que polo tanto, se cumpriron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, sen que se presentara reclamación ningunha durante os prazos legalmente establecidos.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2016* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de liquidacións: 472 (catrocentas setenta e dúas).

Número total de recibos a emitir: 472 (catrocentos setenta e dous).

Importe total do padrón: 16.443,00 € (dezaseis milcatrocentos corenta e tres euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
A-812	31/03/2016	594,00	Autocares Mougán S.L.	Servizo de autocar prestado os días 21-22/03/2016 para viaxe da xuventude a Ribeira organizado polo departamento municipal
2016/065	11/05/2016	101,64	Xestedec Comunicación	Tickets para a XXVI Romaría da Terceira Idade e dous vinilos con logotipo do Concello
2016/062	10/05/2016	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín municipal do mes de maio/2016 (núm. 200)
16-0043	29/04/2016	50,82	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Botellas de albariño vendima seleccionada subministradas en abril para actos de promoción do turismo na Deputación
1601023580	05/05/2016	484,00	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos edificios da estación do tren de Santa Cruz período do 01/04/2016 ao 30/04/2016
1601025501	06/05/2016	484,00	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos edificios da estación do tren de Santa Cruz período do 01/05/2016 ao 31/05/2016
1581/2016	13/05/2016	11,00	Ortigueira S.A.	Camelias para actos protocolarios da Alcaldía subministradas en maio
CI0834894444	15/05/2016	80,86	Vodafone España, S.A.U.	Servizos acceso móbil a internet e fax das oficinas xerais período do 15/04/2016 ao 14/05/2016
T/013	18/05/2016	48,00	Albela González Isabel	Láminas de Manuel María para os actos do <i>Día das Letras Galegas 2016</i>
A00030791	30/04/2016	78,70	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	Servizos de mensaxería prestados no mes de abril 2016
5/2016	30/04/2016	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal á Escola de Música Santa Cruz mes abril 2016
0101- 1600480	30/04/2016	35,09	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	Recollida de residuos selectivos no punto limpo efectuada o día 26/04/2016
104	11/05/2016	139,15	Dixitalcor 2011, S.L.	Subministro de cartel anunciador de obra particular para o departamento de urbanismo (expediente 2016/U022/000008) a repercutir no interesado
